

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O USO GRATUITO DO SERVIZO FITNESS, MODALIDADES DE PILATES E IOGA/MEDITACIÓN, NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ, POR PACIENTES AFECTADOS POR COVID PERSISTENTE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 02.05.2023 coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente durante catro anos, sen prexuízo da posibilidade de ser prorrogado por catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Deputación Provincial de Ourense, a cal adoptará as medidas necesarias para facilitar aos/ás pacientes pertencentes á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras diagnosticados/as como afectados/as por COVID persistente polo Servizo Galego de Saúde, a participación en programas de fitness, modalidades de pilates e ioga/meditación, que se desenvolverán no Pazo dos deportes Paco Paz, cunha exención total sobre as tarifas mensuais, e durante a tempada 2023 a 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no interese das partes en levar a cabo unha colaboración como ferramenta para mellorar a saúde e benestar dos/das pacientes diagnosticados/as polo Servizo Galego de Saúde como afectados por COVID persistente.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, solicitará autorización expresa aos/ás pacientes que poidan ser beneficiarios/as dos programas referidos neste convenio, para tramitar o acceso ás instalacións e servizos que oferta o Pazo dos deportes Paco Paz.

Os beneficiarios deste programa serán pacientes da citada área sanitaria, dos que se fará unha selección previa polo equipo da unidade multidisciplinar postcovid, en función de criterios establecidos. Asemade, para poder acceder ás instalacións será preciso que aqueles/as se identifiquen como abonados/as ou persoas autorizadas ao uso daquelas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

